

*PROXECTO DAS
SECCIÓN BILINGÜES*

C.P.I. "Conde de Fenosa"

ÍNDICE DE CONTENIDO

XUSTIFICACIÓN 3

OBXECTIVOS PROPOSTOS 4

 ÁMBITO PEDAGÓXICO 4

 ÁMBITO PEDAGÓXICO 5

 ÁMBITO EDUCATIVO 5

 OBXECTIVOS XERAIS 5

 OBXECTIVOS LINGÜÍSTICOS 6

 OBXECTIVOS DE ETAPA DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA 6

 OBXECTIVOS DE ETAPA DA ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA 7

CONTIDOS 11

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS 12

 MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA COMUNICATIVA EN LE A TRAVÉS DO

 ESTUDO DAS CCNN 12

 MELLORAR A CAPACIDADE COGNITIVA DO ALUMNADO E DA CALIDADE DA

 EDUCACIÓN 13

PAUTAS PARA AVALIAR O PROXECTO 14

Profesorado participante: Pilar Molina (Inglés-ESO), M^a Jesús Mourazos (Ciencias Naturais), Jorge Gutiérrez (Física e Química), María Josefa Seijo Bellón (titora E.P., Plástica), M^a Elisa Martínez (Inglés- Primaria)

Etapa: Educación secundaria obligatoria.

Educación Primaria – 3º Ciclo

Cursos: 5º de Educación Primaria e 1º da ESO no presente curso

6º de Educación Primaria e 2º da ESO no vindeiro curso

Materias:

Ciencias Naturais – Natural Sciences (ESO)

Educación Artística (Plástica) – Manual Arts (PRIMARIA)

Alumnado participante: 18 en 1º ESO, 22 en 2º ESO; 32 en 5º E.P; 49 en 6º E.P.

XUSTIFICACIÓN

No CPI Conde de Fenosa, de Ares, estimamos necesaria a creación de dúas novas Seccións Bilingües, que se unan ás xa existentes, para preparar ao noso alumnado cun nivel de lingua estranxeira de acorde cunha sociedade cada vez máis cosmopolita, plurilingüe e aberta culturalmente.

Solicitamos unhas novas Seccións Bilingües en lingua inglesa posto que consideramos que é a lingua con maior difusión na actualidade a nivel internacional. Podemos dicir que é a lingua imprescindible na sociedade actual. Nos derradeiros anos estamos a vivir un movemento de poboación estranxeira que é ben acollido pola comunidade educativa de Ares.

Con esta iniciativa o CPI Conde de Fenosa quere reforzar no seu alumnado a aprendizaxe do inglés como vehículo de comunicación. Pretendemos que o inglés non se vexa só coma unha materia illada, senón que se sinta coma unha lingua de aprendizaxe. Está comprobado que unha lingua sempre se domina mellor se se emprega para aprender.

Propoñemos, en función do profesorado existente que posúe a capacitación requirida e as capacidades organizativas do centro, que as materias que leven a continuidade da sección bilingüe xa existentes sexan as mesmas que as das Seccións Bilingües xa existentes. É dicir, Educación Artística (Plástica), que xa ten Sección en 5º, tamén a terá en 6º de Primaria e Ciencias da Natureza terá Sección en 1º e 2º da ESO.

Este plantexamento xorde coma un percorrido que pretende abarcar todo o 3º ciclo de Primaria, coa materia de Plástica en 5º de Primaria durante o presente curso 2012-2013 e continuando co 5º e 6º nivel de Primaria no

curso 2013-2014 e o 1º ciclo da ESO en dúas etapas. Nesta primeira etapa abrangue o curso 2012-2013 coa materia de Ciencias da Natureza en 1º da ESO e o curso 2013-2014 coas materias de Ciencias da Natureza en 1º da ESO e Ciencias da Natureza en 2º ESO.

Nunha segunda etapa, e considerando unha avaliación positiva do proxecto, chegaríase aos cursos superiores da ESO.

Na etapa Primaria consideramos que logo de ver os resultados altamente positivos no 5º nivel durante o curso 2012-2013 na materia de Plástica sería moi beneficioso a continuidade do proxecto bilingüe no 6º nivel, para o vindeiro curso 2013-2014, dado que se trata dunha materia cunha carga de contidos moito menor, que implica instrucións e procesos verbais, que poden ser transmitidos dun xeito sinxelo e directo, ben de forma verbal, visual e xestual, ao tratarse dunha materia manipulativa para favorecer a expresión oral e a incorporación de vocabulario como un reforzo e ampliación aos contidos aprendidos na materia de lingua inglesa en si. Na etapa Primaria non se avaliará máis que os contidos propios da materia de Plástica utilizando como lingua vehicular o inglés.

Tamén foron positivos os resultados obtidos na ESO no curso 2012-13, co unha maioría de alumnos que pensan continuar na Sección Bilingüe en 2º da ESO, se esta se ofrece. Na ESO, cremos que a materia de Ciencias Naturais, e as Ciencias en xeral, encaixan ben no plantexamento bilingüe porque estas materias son principalmente prácticas. As actividades prácticas permiten aos estudantes aplicar e aumentar a súa comprensión do mundo que lles rodea. A través de pequenas investigación foméntase a curiosidade, pero tamén se lles axuda a aprender e estimular o seu interese pola sociedade na que viven. Por este motivo as materias de Ciencias son unhas das máis adecuadas á hora de plantexar Seccións Bilingües, xa que permiten unha utilización natural da lingua estranxeira para explicar situacións e procesos cotiás. Ademais a continuidade neste área da Sección favorece a consecución dos obxectivos no 2º curso, estando os alumnos xa feitos ao xeito de traballo, a moito vocabulario técnico, etc..

Insistimos en que na sociedade actual, cada vez máis globalizada, a utilización correcta dunha lingua estranxeira permite ter unha visión distinta do mundo, favorecendo o interese por outras culturas e formas de ver a realidade, sempre máis tolerante e solidaria.

Obxectivos propostos

Os obxectivos para a Educación Primaria parten do decreto 130/2007 do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na

Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de xullo de 2007) que favorecen a adquisición das competencias básicas.

Os obxectivos propostos inciden en dous ámbitos que consideramos fundamentais para lograr as competencias básicas delineadas do Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo de 2007) , o ámbito pedagóxico e o ámbito educativo.

Ámbito pedagóxico

- 1.- Promover a ensinanza bilingüe en base a criterios de calidade.
- 2.- Desenvolver e aplicar tarefas de aprendizaxe para a aprendizaxe bilingüe que se adecúen lingüística e cognitivamente.
- 3.- Avaliar as prácticas e materiais utilizados seguindo indicadores de calidade .

Ámbito educativo

Obxectivos xerais

- 1.- Fomentar o emprego do inglés como vehículo de comunicación fóra da clase de lingua inglesa.
- 2.- Fomentar a interdisciplinaridade.
- 3.- Reforzar a aprendizaxe de inglés coma lingua estranxeira básica para a comunicación entre xentes de diferentes países .
- 4.- Utilizar o inglés como vehículo de comunicación e achegamento ao coñecemento de novas culturas, costumes e institucións, que lle axudarán a formarse nun ambiente de tolerancia e solidariedade propias dunha sociedade pluricultural, desenvolvendo un espírito crítico.
- 5.- Proporcionar ao alumnado as estratexias necesarias para enfrontarse a situacións da vida cotiá, a través dun maior dominio do inglés, idioma presente nas novas tecnoloxías e na informática.
- 6.- Fomentar o encontro intercultural e potenciar condutas en favor da tolerancia e respecto cara outras culturas que sirvan, de forma comparativa, para valorar a cultura propia.
- 7.- Desenvolver o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e técnicas.
- 8.- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente diferentes.
- 9.- Mellorar a capacidade cognitiva do alumnado e da calidade da educación:
 - a) Aumentar o nivel de comprensión e aprendizaxe de contidos.
 - b) Mellorar as habilidades de aprendizaxe.

Obxectivos lingüísticos

1.- Mellorar a competencia lingüística comunicativa en lingua estranxeira (LE) a través do uso oral na materia de Plástica en Primaria e a través do estudo das CCNN na ESO.

a) Incrementar o contacto dos estudantes coa LE a través de exercicios significativos contextualizados.

b) Utilizar de xeito comunicativo a LE, elaborando mensaxes en dita lingua de maneira apropiada á súa intención comunicativa.

2.- Favorecer a adquisición dunha competencia lingüística en LE orientada cara o mundo laboral.

3.- Adquirir a capacidade de comunicarse oralmente no ámbito da Plástica en Primaria e oralmente e por escrito de forma eficaz, na medida das posibilidades, no ámbito das CCNN.

4.- Adquirir a independencia suficiente para acceder a novas fontes de coñecemento e utilizar novas tecnoloxías da información en lingua inglesa.

5.- Ler diferentes tipos de textos coa fin de facilitar o acceso a fontes de información variadas e poder resolver así situacións de aprendizaxe de forma autónoma.

Obxectivos de etapa da área de Ciencias da Natureza

1.- Favorecer a espontaneidade e fluidez da utilización do inglés nun entorno “natural”.

2.- Adquisición da terminoloxía específica de carácter científico na lingua inglesa.

3.- Facer consciente ao alumnado da importancia do inglés en todos os campos científicos e tecnolóxicos.

4.- Adquirir a terminoloxía específica das ciencias da Natureza en inglés.

5.- Coñecer e apreciar o patrimonio cultural e científico desenvolvendo unha actitude de interese e respecto cara a dimensión pluricultural e plurilingüística.

6.- Expresarse con propiedade e interpretar mensaxes que utilicen códigos científicos e técnicos que enriquezan as súas posibilidades de comunicación en lingua inglesa.

7.- Mellorar o dominio oral e escrito facilitando a práctica da lingua inglesa na materia de Ciencias da Natureza.

- 8.- Comprender e expresar mensaxes científicas utilizando a linguaxe oral e escrita en lingua inglesa, comezando cos máis descritivos e pouco argumentativos e aumentando paulatinamente o nivel de rigorosidade.
- 9.- Comprender e usar estratexias e conceptos básicos das Ciencias Naturais.
10. - Aplicar en problemas e sinxelas investigacións os procedementos das Ciencias.
11. - Buscar, seleccionar e valorar información sobre temas científicos de diferentes fontes e medios.
- 12.- Comprender e expresar diferentes mensaxes, explicacións e argumentacións con contido científico empregando os coñecementos científicos
- 13.- Coñecer e valorar certos problemas actuais relacionados coas CCNN.
- 14.- Adoptar actitudes críticas fundamentadas a través do coñecemento científico de certos problemas actuais relacionados coas CCNN.
- 15.- Ser quen de buscar e de utilizar o coñecemento científico propio, planificando de forma autónoma a acción e posta en práctica das actividades de aprendizaxe, e de utilizar uns criterios de avaliación para autocorrixirse no caso en que sexa necesario.
- 16.- Comprender a importancia de utilizar os coñecementos das CCNN para satisfacer as necesidades humanas e participar na toma de decisións sobre problemas locais e globais.
- 17.- Desenvolver hábitos favorables á promoción da saúde persoal e comunitaria en ámbitos como alimentación, hixiene e sexualidade, facilitando estratexias que permitan facer fronte ós riscos da sociedade actual en aspectos relacionados co consumo, coas drogodependencias e coa transmisión de enfermidades.
- 18.- Valorar o carácter tentativo e creativo das ciencias da natureza así como as súas contribucións ao pensamento humano ao longo da historia, apreciando os grandes debates superadores de dogmatismos e as revolucións científicas que marcaron a evolución cultural da humanidade e as súas condicións de vida.

Obxectivos de etapa da área de Educación Artística (Plástica)

1. Aprender a valorar creacións artísticas con sentido estético.
2. Desenvolver o xuízo crítico e posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e aos seus creadores.

3. Analizar imaxes en función dos sentimentos que transmiten.
4. Ter confianza nas propias realizacións artísticas e gozar co proceso creativo.
5. Explorar e utilizar materiais plásticos diversos coñecendo as súas propiedades.
6. Coñecer as posibilidades de utilización de diferentes materiais con fins comunicativos, lúdicos e creativos.
7. Coñecer as calidades (tamaño, forma, cor, peso, textura, etc.) de materiais e obxectos manipulables presentes no ámbito, como resultado dunha exploración multisensorial e lúdica.
8. Seleccionar aquelas características que se consideren máis útiles e axeitadas para o desenvolvemento das actividades artísticas expresivas.
9. Observar, analizar e aplicar as características artísticas significativas que nos ofrece a realidade cotiá, representándoas de forma autónoma, espontánea e creativa.
10. Aplicar os coñecementos sobre as características visuais, plásticas e de relación espacial de situacións e obxectos do ámbito, para mellorar a actividade expresiva e de comunicación icónica.
11. Expresar libremente ideas e sentimentos a través da elaboración de obras artísticas creativas.
12. Ter confianza nas elaboracións artísticas propias apreciando a súa contribución ao goce e ao benestar persoal.
13. Gozar creando obras artísticas propias.
14. Valorar a experiencia e a percepción da vida que os creadores proxectan nas súas obras.
15. Coñecer os medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación nos que se utilizan a imaxe e o son.
16. Coñecer os contextos nos que operan a imaxe e o son nos medios de comunicación.
17. Desenvolver a capacidade crítica respecto á expresión e á estética dos medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.
18. Aplicar os coñecementos artísticos á observación das características máis significativas dos medios de comunicación como receptores de imaxes e son.
19. Disfrutar das obras de arte que ofrecen o entorno e Galicia.
20. Coñecer os elementos máis destacados do patrimonio cultural.
21. Demostrar sensibilidade e gusto polo fermoso e o creativo.
22. Gozar das obras de arte que ofrece o patrimonio cultural doutros pobos.
23. Valorar o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo medio.

24. Expresar libremente ideas e sentimentos a través da elaboración de obras artísticas creativas.
25. Ter confianza nas elaboracións artísticas propias apreciando a súa contribución ao goce e ao benestar persoal.
26. Gozar creando obras artísticas propias.
27. Realizar producións artísticas colectivas, sendo conscientes da complementariedade dos diferentes papeis nunha obra común.
28. Valorar e respectar as achegas dos demais na produción dunha obra artística común.
29. Representar colectivamente diferentes papeis e situacións da vida cotiá e do mundo da fantasía e do xogo utilizando os recursos expresivos do corpo.
30. Recoñecer e aceptar con naturalidade as capacidades e limitacións propias e os dos compañeiros, tomando conciencia da importancia do esforzo individual e colectivo.
31. Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo das artistas e dos artistas e disfrutando como público na observación e recreación das súas propias producións..
32. Propoñer intervencións artísticas que contribúan a mellorar a calidade de vida das persoas.
33. Analizar que espazos esteticamente agradables están presentes no medio próximo.

Competencias básicas da etapa na área de **Educación Artística (Plástica)**

Competencia en comunicación lingüística

- Valorar a obra artística.
- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Aproveitar a información xestual ofrecida polo contorno humano e modélico.
- Utilizar con fruición as técnicas plásticas.
- Explorar de maneira sensorial os espazos.

- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través de cores, formas, sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

Competencia matemática

- Representar xeometricamente os esquemas de debuxo e as formas de seres e obxectos cotiáns.
- Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a validez destes.
- Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- Analizar a imaxe e a mensaxe que transmite.
- Usar a tecnoloxía para o tratamento de imaxes visuais.
- Analizar a imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.
- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música e coas artes visuais.

Competencia social e cidadá

- Indagar e planificar procesos.
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

Competencia cultural e artística

- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Experimentar con técnicas e materiais.
- Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.
- Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- Representar formas presentes no espazo natural.
- Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lles son propios.

- Facilitar a expresión e a comunicación.
- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

Competencia para aprender a aprender

- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- Indagar e planificar procesos.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Reflexionar sobre o proceso de iluminación.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas e espazos.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Autonomía e iniciativa persoal

- Manipular materiais e adquirir bagaxe plástica expresiva.
- Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.
- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

CONTIDOS

Os contidos a desenvolver no proxecto para a materia de Educación Artística (Plástica) na nova Sección Bilingüe serán os plantexados na programación didáctica de Plástica do 6º nivel de Educación Primaria, que seguen as indicacións do decreto 130/2007 do 28 de xuño polo que se establece o

currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de xullo de 2007) que favorecen a adquisición das competencias básicas.

Os contidos que se desenvolverán na nova Sección na ESO son os propios das programacións didácticas de CCNN e Inglés de 2º da ESO, que seguen as indicacións do Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo de 2007) e que foron aprobadas pola Inspección educativa e que permanecen expostas a disposición pública na dirección do centro educativo.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

A aprendizaxe CLIL refírese á ensinanza de materias utilizando unha lingua que non é a máis frecuentemente utilizada nese contexto. Ademais soe ser impartida por profesorado non nativo e o alumnado tamén é non nativo da LE, polo que a metodoloxía é o selo distintivo deste enfoque educativo, cuxa relevancia e protagonismo son decisivos (Marsh, 2002). A este respecto plantéxase unha proposta con tres enfoques – contido, LE e habilidades de aprendizaxe (Mehisto, Marsh e Frigols, 2008), pois se entende que as habilidades de aprendizaxe deben traballarse paralelamente ao desenvolvemento da lingua e o contido. Para conseguir eses obxectivos baseados nos tres enfoques utilizaremos as seguintes estratexias metodolóxicas:

- Mellorar a competencia lingüística comunicativa en LE a través do estudo das CCNN

Sábese que a exposición **interactiva** prolongada a unha LE noutro ámbito que non sexa a lingua é condición necesaria para que se produza a aprendizaxe nesa lingua , polo que o contexto CLIL representa unha gran oportunidade para **incrementar o contacto dos estudantes coa LE a través de exemplos significativos e contextualizados**. A ensinanza CLIL aporta variedade de contextos naturais para o auténtico uso comunicativo da LE, indispensables para o desenvolvemento lingüístico. En todo momento o proxecto suporá a colaboración entre o profesorado CLIL e o profesorado de linguas, para analizar conxuntamente as características da linguaxe da materia e previr actuacións que faciliten ao alumnado a súa comprensión e utilización (tanto en lingua materna con na LE)

Pero a simple exposición a exemplos significativos da LE non é suficiente para desenvolver as destrezas relacionadas coa produción ou expresión na LE, as que precisan, naturalmente, que o que aprende se vexa forzado a **elaborar mensaxes en dita lingua** de maneira apropiada a súa intención comunicativa, ao medio, ao interlocutor, etc... Así pois a ensinanza CLIC proporciona oportunidades aos estudantes para que, **a través da interacción oral nas aulas e nas tarefas de aprendizaxe (esquemas, resumes, informes, presentacións, respostas a preguntas sobre un texto, explicacións de procesos, etc)**, realicen a transición necesaria desde o procesamento semántico requirido na comprensión da lingua ao procesamento sintáctico que demanda a produción lingüística. Non obstante coñécese a importancia de **incidir nas destrezas receptivas, principalmente nas etapas iniciais da aprendizaxe dunha LE, antes de solicitar a produción.**

Outro dos aspectos metodolóxicos a destacar é que cunha CLIL foméntase a aprendizaxe incidental da LE. Asemade motívase ao alumnado a achegarse a esa LE desde outro punto de vista. Seguindo esta liña **a aprendizaxe plantéxase dunha maneira activa (“aprender facendo”)** que comportará unha aprendizaxe cooperativa e colaborativa cun enfoque por tarefas individuais e resolución de problemas – hipóteses - en grupo, sen esquecerse das actividades abertas nas que non existe unha única resposta correcta ou pódense resolver de xeito máis creativo. Utilizaranse estratexias de andamiaxe de xeito colectivo e, unha vez avanzado o curso individualizarase a súa aplicación. Ademais utilizaranse deliberadamente estratexias para a aprendizaxe autónoma e de fomento da responsabilidade sobre a súa propia aprendizaxe. Normalmente a través de todas estas estratexias preténdese que o alumnado presente unha tarefa final completa tipo pequena entrevista, presentación, folleto, vídeo, instrución de operación dun aparato, mural de hábitos saudables, folleto de recomendacións en caso de inundación... .

- Mellorar a capacidade cognitiva do alumnado e da calidade da educación

Grazas á necesidade de entender contidos e o plantexamento trifocal da aprendizaxe CLIL que se plantexa, no que se incide especialmente na **resolución de problemas a través da LE**, a activación de procesos cognitivos, tanto na comprensión dos conceptos como nas redes de asociación en torno a un concepto e entre conceptos enriquecécese, co que se favorece que o **nivel de comprensión e aprendizaxe de contidos sexa máis profundo** que o que xera o enfoque tradicional.

Para acadar tanto o primeiro coma o segundo obxectivo empregaranse un conxunto de modalidades de comunicación que aclaren e reforcen a comprensión das mensaxes na LE, como repeticións, simplificacións, reformulacións, exemplificacións, cambio de código (recurso á lingua materna), xestos, recursos visuais (ilustracións, gráficos, esquemas, recursos multimedia), recursos auditivos e, por suposto variacións no volume de voz, entonacións... . Ademais o proxecto tentará ir incluíndo a diversidade de estilos de aprendizaxe mediante ensinanza e tarefas de aprendizaxe multimodais e multisensoriais, que impliquen distintos sentidos (audición, visión, ...) e capacidades intelectuais.

PAUTAS PARA AVALIAR O PROXECTO

A metodoloxía para avaliar o proxecto seguirá as liñas indicadas na metodoloxía. Nun primeiro momento realizarase unha proba inicial ao alumnado, aberta e non computativa para a súa avaliación da materia, na que, a través de ordes referentes á materia de plástica de tipo manipulativo basicamente se valorarán as súas competencias lingüísticas á hora de escoitar e falar para o alumnado de 6º e a través de preguntas do ámbito das CCNN se valorarán as súas competencias lingüísticas á hora de escoitar, ler comprensivamente, falar e escribir.

Cunha visión integradora e progresiva, ao longo de cada trimestre e do curso realizaranse tarefas semanais concretas para valorar o avance no desenvolvemento dos obxectivos do proxecto así como probas, non avaliativas dos contidos da materia, para ir vendo a progresión do alumnado. En canto ao alumnado de Primaria valorarase o aproveitamento do uso do inglés, a súa comprensión aínda que non influirá na nota de materia. Crese que é importante ir anotando os progresos dos estudantes para que os titores vexan a efectividade da Sección Bilingüe. Neste ámbito traballaremos na elaboración dunha grella de avaliación para presentar aos titores legais trimestralmente.

Ao final de curso realizarase unha última proba final, equivalente á primeira, que nos servirá, xunto cos outros datos recollidos ao longo do curso, para analizar e valorar o grao de consecución dos obxectivos plantexados ao principio de curso.

Deste xeito plantexamos un proxecto dinámico e en constante evolución para adaptarnos mellor ás necesidades concretas do alumnado.

Para recoller as opinións e impresións dos alumnos e os seus pais levárase a cabo unha enquisa na que se valorará o grado de satisfacción coa Sección Bilingüe, onde

se sinalarán os puntos máis fortes da Sección, aínda que máis importante será coñecer os puntos que pódense mellorar. Tamén se recollerá a opinión dos demais profesores do grupo, e sobre todo, a evolución na materia de Lingua Inglesa.